

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 25 de novembro de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a. Olga Alonso Suárez

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e corenta e cinco minutos do día vinte e cinco de novembro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1378).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1379).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE FARO DE VIGO S.A.U. PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DIVULGATIVAS NO ÁMBITO DO DESENVOLVEMENTO SOCIAL, ECONÓMICO E TURÍSTICO DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 11606/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 21.11.14, o informe de fiscalización do 24.11.14, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 10.11.14, conformado pola concelleira-delegada de Facenda e polo concelleiro-delegado de Turismo, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

O Concello de Vigo, dentro do ámbito das súas competencias propias como administración local, ven desenvolvendo accións orientadas a transmitir e divulgar actuacións desenvoltas no ámbito da acción local, que teñan unha relevancia e interese social que axuden a un maior coñecemento da cidade e da súa cidadanía.

O desenvolvemento dunha cidade a través actuacións que promocionen a implicación cidadá a través de potenciar a divulgación de asuntos de interese social é unha necesidade. Para iso é básico, definir estratexias que poidan conducir a lograr estes obxectivos, xa que os retos sociais son cada vez máis complexos nunha sociedade de grandes cambios, que afronta día a día o reto de conseguir un desenvolvemento social amable, orientando toda a acción cara ao cidadán.

A cidadanía debe ter ao seu alcance medios que lle posibiliten exercer os seus dereitos a participar na vida da cidade, polo tanto, é básico definir estratexias que permitan construír acordos e colaboracións que redundarán nunha mellora dos aspectos esenciais das actuacións divulgativas, de todos aqueles aspectos de interese cidadá, e sobre todo, daqueles ámbitos que potencien as accións culturais, educativas e de potenciación socio-económicas.

A participación cidadá nos asuntos públicos é un dereito constitucional da cidadanía, e un mandato imperativo que a Constitución dita aos poderes públicos, así o Art. 9.2 establece que corresponde aos poderes públicos, “facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social”, e neste sentido, o Concello de Vigo ten por obxectivo a consecución de accións divulgativas en relación á potenciación da vida social, cultural económica e educativa en Vigo.

Dentro deste obxectivo, é importante destacar, como un aspecto relevante que se atribúe á acción divulgativa da comunicación pública; “é que a súa función non consiste simplemente en informar, senón que debe servir como instrumento para asegurar a participación dos cidadáns na vida pública e facerlles co participes do desenvolvemento dos proxectos da súa cidade”.

A Administración Local é a máis próxima aos problemas da súa cidadanía, polo tanto, corresponde aos Gobernos Locais promover as condicións necesarias para facilitar a divulgación e difusión da diversidade de accións vinculadas cos valores sociais, culturais e económicos que se desenvolven na súa cidade, así como desenvolver accións de colaboración que posibiliten o desenvolvemento de novas canles e instrumentos que posibiliten alcanzar con maior grao de eficacia, a participación cidadá dende o coñecemento da súa Cidade.

Dentro destes obxectivos nos atopamos que os medios de comunicación social son institucións esenciais para o proceso de formación da opinión pública, e polo tanto, para o correcto funcionamento das institucións democráticas. As liberdades do artigo 20 da Constitución, como sostén o Tribunal Constitucional, non son só dereitos fundamentais de cada cidadán, senón que significan o recoñecemento e a garantía dunha institución pública fundamental como é a opinión pública libre, de tal maneira que para que o cidadán poida formar libremente as súas opinións e participar de xeito responsable nos asuntos públicos, ten que ser tamén informado amplamente.

Deste xeito, a información e comunicación difundida a través dos medios de comunicación social constitúe un instrumento esencial para o desenvolvemento pleno da persoa, tanto a nivel individual como social.

En definitiva, os medios de comunicación social desempeñan un papel de intermediario natural entre a información e cantos non están en condicións de coñecela directamente, papel que se

acrecenta con respecto a acontecementos que pola súa entidade, poden afectar a todos e por elo acadan unha específica resonancia social.

No ámbito da cidade de Vigo nos atopamos que a entidade “Faro de Vigo SAU”, realiza unha labor de información e comunicación no ámbito específico da cidade de Vigo, cun valor de comunicación moi importante, xa que de forma xeral o xornal “Faro de Vigo” editado por dita entidade, acada na cidade de Vigo uns valores de identificación na sociedade moi altos, que na actualidade acadan a maior implantación na sociedade viguesa, refrendada de forma específica polo datos do estudo “EGM” 2º acumulado móbil do ano 2014, en un 87.48 % do total dos lectores dos xornais diarios na cidade de Vigo, de acordo co informe da Xefatura de do Departamento de Prensa do Excmo. Concello de Vigo de data 10 de novembro de 2014.

Neste ámbito de actuacións a entidade “Faro de Vigo, SAU”, ven demostrando no traballo da súa actuación editorial , a gran importancia que ten o desenvolvemento na súa area informativa, de temas relacionados coa divulgacións de contidos de alto valor cultural, social e educativos, todos eles encamiñados a procura dunha maior calidade de vida dos cidadáns.

En base a estas aspectos a entidade “Faro de Vigo, SAU”, ven de propoñer o Concello de Vigo un proxecto de actuación conxunta para poder desenvolver unha serie de accións divulgativas destinadas a acercar Vigo os seus cidadáns, fomentando un maior coñecemento da nosa cidade, do seu entorno xeográfico e das parroquias que a compoñen (reportaxes sobre barrios e parroquias, calendario de Vigo 2015), estas actuación complementarán a potencialidade da imaxe da cidade como destino turístico, proxectando e dando a coñecer a súa imaxe, así como os seus valores naturais por excelencia, como nesta caso son as ILLAS CIES, dentro do proxecto de que sexan declaradas “Patrimonio da Humanidade”.

Así mesmo dentro deste proxecto se contemplan propostas de potenciación e achegamento do Concello a escola, entendendo que os escolares teñen un posicionamento como os cidadáns do futuro, polo cal dito proxecto busca potenciar o coñecemento dos escolares sobre nosa cidade o tempo que posibilitará ter unha idea da vida na cidade. Outro dos ámbitos do proxecto ten unha incidencia concreta na promoción e difusión de proxectos arraigados na historia da cidade, así o Faro de Vigo SAU, propón promocionar a través da edición dun libro sobre a “historia entre os anos 1963 e 1981” dun acontecemento deportivo dunha grande tradición na cidade de Vigo como e o “Rally Rías Baixas”, que no presente ano 2014 cumpre os 50 anos de historia, e organizado pola escudería viguesa “Rías Baixas”, e se consolida na historia de Vigo como o acontecemento deportivo do motor con maior arraigo que todos os anos consegue que Vigo sexa o punto de referencia do motor en España, achegándose a Vigo miles de afeccionados. O Rally Rías Baixas, durante os seus 50 anos de historia, ten gañado o recoñecemento social da cidade, como un dos acontecementos máis históricos e de maior resposta de público, xa que o mesmo, ademais de dinamizar aspectos tan importantes no mundo deportivo da alta competición, ten hoxe en día un gran recoñecemento polo que significa como unha referencia no ámbito socio-económico no mundo do automobilismo deportivo e a súa transferencia positiva no gran expoñente que ten Vigo na industria do automóbil. Este libro escrito por Rafa Cid, garante o desenvolvemento dun gran volume sobre os anos históricos deste gran acontecemento social e deportivo como e o Rally Rías Baixas que terá unha incidencia positiva no ámbito do desenvolvemento divulgativo da cidade Cidade de Vigo a través de elementos de promoción da imaxe turística de Vigo.

A proposta da entidade “Faro de Vigo SAU”, contempla tamén unha actuación específica no entorno do deporte, e máis especialmente en relación a diversas actuacións de promocións dos valores sociais do deporte. Neste ámbito do deporte, a cidade de Vigo, renova hoxe en día unha serie de valores da identidade de Vigo a través da grande importancia social que desperta o Real Club Celta de Vigo entre a cidadanía, neste sentido debemos destacar a importante proxección da imaxe pública da cidade de Vigo que implica a militancia do Real Club Celta na

máis alta categoría do fútbol, así como a significativa incidencia directa da actividade deste club deportivo en sectores económicos de cidade, e sobre todo, a importante labor que o Real Club Celta esta a desenvolver en canto a formación da xuventude, mostra do cal esta entidade ven de recibir nos últimos anos diversos premios de recoñecemento a gran labor que leva realizando o Real Club Celta de Vigo desde fai moitos anos na promoción do fútbol base. Polo cal neste ámbito, o Faro de Vigo SAU, ten propostas unha serie de actuacións de promoción dos valores que representa o “Deporte” no desenvolvemento da sociedade a través da proxección da imaxe e dos valores do “Real Club Celta de Vigo” na cidade de Vigo.

Todas estas actuacións veñen desenvoltas no proxecto memoria que a entidade “Faro de Vigo SAU”, ten presentado ante o Concello de Vigo, o cal ven avalado polo coñecemento da realidade dos proxectos, en base o desenvolvemento destas accións divulgativas durante os 160 anos da súa historia, así como o feito de ser o xornal diario con maior porcentaxe de incidencia nos lectores diarios na cidade de Vigo, alcanzando cifras que o identifican como o xornal de maior incidencia nos ámbitos de difusión na cidade.

En base a todos os aspectos expostos, o obxecto do presente expediente, busca en definitiva, potenciar accións divulgativas de áreas sociais, culturais, educativas e económicas, conducentes a mellorar as condicións socioeconómicas, e a calidade de vida dos cidadáns, a través dunha estratexia de divulgación que potenciará o coñecemento global da Cidade de Vigo.

Estas actuacións, non teñen en ningún caso un obxecto de accións de “publicidade institucional” xa que podemos afirmar que as mesmas, deben ser englobadas na xestión dos potenciais de divulgación das denominadas “relacións informativas”, entendendo como tales aquelas actuacións xornalísticas encamiñadas a seleccionar aspectos de interese social, para o desenvolvemento de espazos de divulgación especiais, e dirixidos moi especialmente, a colaborar no desenvolvemento dos valores propios da sociedade, establecendo vínculos de maior ou menor intensidade coa cidadanía, o cal repercutirá na consolidación dos valores de identidade da Cidade de Vigo.

2.- Fundamentos xurídicos:

O obxecto deste expediente e o desenvolvemento dun Convenio de colaboración técnica e financeira entre o Concello de Vigo e a entidade Faro de Vigo S.A.U., editora do xornal “Faro de Vigo” relativas á difusión e divulgación neste medio de contidos de interese para a cidadanía viguesa, contribuíndo con elo a unha maior implicación da sociedade viguesa nos asuntos que lle son propios e tamén a unha mellor divulgación e promoción exterior da cidade de Vigo, das súas características, das súas potencialidades e dos seus obxectivos inmediatos e futuros fomentando con elo un coñecemento máis concreto e específico que debe traducirse nun maior crecemento e riqueza para a sociedade viguesa, buscando en definitiva, potenciar accións divulgativas de áreas sociais, culturais, educativas e económicas, conducentes a mellorar as condicións socioeconómicas, e a calidade de vida dos cidadáns, a través dunha estratexia de divulgación que potenciará o coñecemento global da Cidade de Vigo.

O artigo 4.1.d) do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público establece que, están excluídos do ámbito desta Lei os convenios de colaboración que con arranxo ás normas específicas que os regulan celebre a Administración con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, sempre que o seu obxecto non estea comprendido nos contratos regulados nesta lei ou en normas administrativas especiais. Pola súa parte o parágrafo segundo deste artigo determina que estes convenios se regularán polas súas normas especiais, aplicándose os principios da Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

O convenio de colaboración e un instrumento dos que, con carácter xeral e ó abeiro dos artigos 88.1 LRXPA, 111 TRRL e 4.1.d) e 25 TRLCSP —no que ás entidades locais especificamente se

refire— poden celebrar as Administracións Públicas con persoas xurídico privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados, no presente caso vinculadas a maior parte das competencias incluídas no artigo 25.2. da LRBRL.

En relación a necesidade de clarificar o obxecto do convenio como unha materia excluída do ámbito dos contratos regulados polo TRLCSP, e importante destacar que o obxecto deste expediente centrase nunha actuación conxunta dos suxeitos intervintes. Nesta caso o Concello de Vigo e Faro de Vigo SAU, vense obrigados de maneira conxunta o cumprimento de obrigas común a ambos. Por outro lado de acordo con todos os aspectos expostos nos antecedentes desta memoria, nos levan demostrar que existen mostras e pautas de mutuo acordo para unificar criterios, e aunar os esforzos destas dúas entidades que teñen entre os seus obxectivos principios de identidade potenciar a divulgación e difusión de áreas sociais, culturais, educativas e económicas, conducentes a mellorar as condicións socioeconómicas, e a calidade de vida dos cidadáns, a través dunha estratexia de divulgación que potenciará o coñecemento global da Cidade de Vigo.

Polo exposto, enténdese que o contido do obxecto que regúlase no marco desta proposta de convenio, non se atopa incluído dentro dos regulados polo RD 3/2001. Polo cal a proposta de convenio adecúase o establecido no artigo 4.d) do R.D. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, xa que o Concello de Vigo e o Faro de Vigo, SAU, non buscan a través deste convenio a provisión dun servizo nin a adquisición dun ben, senón o establecemento dun marco de relación, que lles permitan complementar as actuacións das dúas entidades, onde cada unha delas asumen compromisos conxuntos vinculados o obxecto deste proxecto de colaboración, unificando esforzos na promoción e desenvolvemento dos proxectos de difusión e divulgación expostos, quedando pois excluído o negocio por razóns obxectivas do R.D. 3/2011, xa que os mesmos na súa cuantificación económica non ten unha adecuación a contraprestacións das actuacións en relación a prezos de mercado.

Baseándose nestas consideracións, o convenio de colaboración considerase o instrumento idóneo para formalizar a proposta do obxecto deste expediente, e para a o desenvolvemento do mesmo non resulta posible nin recomendable promover a concorrência, pola especificidade e exclusividade da entidade “Faro de Vigo SAU” desenvolta nos antecedentes desta memoria que se fundamentan en:

- a.- E a entidade “Faro de Vigo a que presenta un proxecto de colaboración sobre liñas editoriais que ven desenvolvendo na actualidade e que coincidindo coa acción de divulgación e difusión do Concello de Vigo, orienta a unha opción moi específica.*
- b.- No ámbito da cidade de Vigo nos atopamos que a entidade “Faro de Vigo SAU”, realiza unha labor de información e comunicación no ámbito específico da cidade de Vigo, cun valor de comunicación moi importante, xa que de forma xeral, o xornal “Faro de Vigo” editado por dita entidade, acada na cidade de Vigo uns valores de identificación na sociedade moi altos, que na actualidade acadan a maior implantación na sociedade viguesa, refrendada de forma específica polo datos do estudo “EGM” 2º acumulado móbil do ano 2014, en un 87.48 % do total dos lectores dos xornais diarios na cidade de Vigo, o cal sitúa o xornal como o principal garante para a difusión e divulgación das accións propostas.*
- c.- Determinadas actuacións de promoción de interese social, contan cos aspectos de exclusividade no ámbito da cidade de Vigo a favor da entidade “Faro de Vigo” (promocións coa imaxe oficial do Real Club Celta.*

En relación á necesidade de especificar o obxecto e as prestacións do Convenio, e a necesidade de cuantificar con criterios rigurosos, a aportación de recursos pola Administración conveniente financiadora dos gastos, no expediente achegase por un lado, a memoria que xustifica a acción

do Faro de Vigo SAU, en relación o gasto estimado polo medio para o desenvolvemento das accións propostas, o cal acredita que o compromiso de aportación económica do Concello de Vigo, tratase dunha aportación como cofinanciación da administración para o desenvolvemento dos obxectos do convenio e que nunca sobrepasa o custe das mesmas.

Este proxecto de colaboración, de acordo coa memoria realizada polo Faro de Vigo SAU, enmarcase no desenvolvemento das seguintes accións divulgativas coa colaboración co Concello de Vigo.

1.1.- Accións propostas de carácter divulgativo xeral da Cidade de Vigo.

Serie de reportaxes especiais de carácter divulgativo das diferentes parroquias da Cidade.
Organización dun concurso de redacción e debuxo infantil, entre os diferentes tramos de idades escolares vigueses.

1.2.- Accións propostas de carácter divulgativo da cidade Cidade de Vigo como elementos de promoción da imaxe turística de Vigo.

- Accións de divulgación da candidatura das Illas Cies para que sexan declaradas "Patrimonio da Humanidade".
- Edición dun elemento de promoción da imaxe turística de Vigo, coa edición e promoción dun gran volume sobre a "historia entre os anos 1963 e 1981" dun acontecemento deportivo dunha grande tradición na cidade de Vigo como é o "Rally Rias Baixas", que no presente ano 2014 cumpre os 50 anos de historia.
- Publicación do Calendario Vigo 2015.

1.3.- Outras accións complementarias de difusión e promoción de aspectos social e deportivos da cidade de Vigo:

- Promoción e divulgación da "Gala do Deporte de Vigo e a súa comarca"
- Promoción da difusión da imaxe do Real Club Celta de Vigo entre a mocidade coa produción, difusión e promoción dunha "mochila Celta de Vigo".
- Acción divulgativa en relación os valores de identificación que a cidade de Vigo ten co equipo deportivo máis representativo da cidade como é o Real Club Celta.

O desenvolvemento de todos os aspectos coa produción, edición e difusión no xornal "Faro de Vigo" destas accións ten unha valoración económica de 698.842,23 € (sen iva) sendo con iva un importe de 843.413,63 €, como custes asumidos directamente pola entidade "Faro de Vigo SAU".

En relación a valoración deste proxecto, no presente expediente se achega informe de data 10 de novembro de 2014, da Xefa do departamento de Prensa do Concello de Vigo, que especifica, que a valoración dos medios aportados pola Entidade Faro de Vigo SAD, o obxecto deste convenio, teñen unha relación directa e coherente en relación os proxectos de difusión e divulgación, o cal refrenda que a aportación do Concello de Vigo ten a consideración de cofinanciación deste proxecto, e non se refire o aboamento dun servizo, nin intercambio patrimonial, por non responder o valor do negocio.

En relación os procesos de xustificación, e ante a insuficiencia de normas específicas, a proposta de convenio atende as obrigas de acreditar o cumprimento do obxecto do convenio, e o mesmo tempo recolle a necesidade de acreditar que se realizou o gasto vinculado inicialmente na memoria presentada polo Faro de Vigo SAU.

3.- Proposta:

As cláusulas do convenio desenvolven os seguintes apartados xerais que garanten un cumprimento equilibrado do obxecto xeral do convenio, garantindo a viabilidade e desenvolvemento do mesmo:

3.1.- Obxecto:

Este convenio ten por obxecto a colaboración do Concello de Vigo e a entidade "Faro de Vigo, SAU" para o desenvolvemento das accións de divulgación e difusión das actuacións específicas que constan na memoria adxunta a este convenio e que de forma xeral teñen como obxectivo o desenvolvemento de espazos de divulgación especiais, e dirixidos moi especialmente, a colaborar no desenvolvemento dos valores propios da sociedade, establecendo vínculos de maior ou menor intensidade coa cidadanía, o cal repercutirá na consolidación dos valores de identidade da Cidade de Vigo. De forma específica ditas accións quedan definidas nas seguintes cláusulas:

3.2.- Obrigas das partes:

1.- Obrigas da entidade "Faro de Vigo, SAU".

1.1.- Accións propostas de carácter divulgativo xeral da Cidade de Vigo.

a.- Publicar no xornal "Faro de Vigo" unha serie de reportaxes especiais de carácter divulgativo das diferentes parroquias da Cidade. O contido dos reportaxes deberá atender a destacar as realidades sociais, así como a diversidade de aspectos identificadores das diversas parroquias e barrios. Para o desenvolvemento dos mesmos o Concello de Vigo lle facilitará a información específica requirida, correspondéndolle o Faro de Vigo a elaboración da información, así como calquera outra actuación xornalística encamiñada a desenvolver os valores propios das parroquias e barrios incluídos neste apartado.

Os reportaxes de carácter divulgativo atenderán os diferentes Barrios e parroquias de Vigo, os cales serán consensuados na comisión de seguimento do convenio.

En todo caso, todos os contidos destes reportaxes serán de elaboración propia da entidade "Faro de Vigo" con cargo os seus propios medios, de modo que os mesmos sirvan para un mellor coñecemento das diversas parroquias e barrios por parte de todos os cidadáns.

O desenvolvemento de todos os aspectos coa produción, edición e difusión no xornal "Faro de Vigo" desta acción ten unha valoración económica de 102.715,00 € (sen iva) como custes asumidos directamente pola entidade "Faro de Vigo SAU".

b.- Desenvolver unha actuación de promoción relacionada cos escolares en Vigo, que se desenvolverá a través da organización dun concurso de redacción e debuxo infantil, entre os diferentes tramos de idades escolares. Dito concurso deberá ser difundido e dinamizado a través dos medios propios do "Faro de Vigo", establecendo unhas bases que posibiliten a máxima participación de escolares o tempo que tamén posibiliten a relación dos lectores na fase de elección dos mellores debuxos ou redaccións. O Faro de Vigo potenciará a publicación dos debuxos nas páxinas do xornal, así como a través dunha galería na web www.farodevigo.es.

O Faro de Vigo establecerá premios para os gañadores, que terán un mensaxe común, poder coñecer como senten, e como ven os escolares a Cidade de Vigo.

O desenvolvemento de todos os aspectos coa produción, edición e difusión no xornal "Faro de Vigo" desta acción ten unha valoración económica de 58.595,34 € (sen iva) como custes asumidos directamente pola entidade "Faro de Vigo SAU".

1.2.- Accións propostas de carácter divulgativo da cidade Cidade de Vigo como elementos de promoción da imaxe turística de Vigo.

a.- O Faro de Vigo, elaborará un calendario para o ano 2015 (45.000 unidades), que será entregado de forma gratuíta a los lectores xunto co xornal do Faro de Vigo dentro da segunda

quincena do mes de decembro de 2014. Dito calendario estra ilustrado con imaxes da cidade que identifiquen o propio crecemento da cidade, así como calquera actuación que recolla os procesos de transformación e mellora de espazos públicos, o cal repercutirá na consolidación dos valores de identidade da Cidade de Vigo.

O desenvolvemento de todos os aspectos coa produción, edición e difusión no xornal "Faro de Vigo" desta acción ten unha valoración económica de 64.300,73 € (sen iva) como custes asumidos directamente pola entidade "Faro de Vigo SAU".

b.- O "Faro de Vigo" ven desenvolvendo durante o ano 2014, unha proposta de divulgación da candidatura das Illas Cies para que sexan declaradas "Patrimonio da Humanidade". Este proxecto potencia a divulgación dos valores naturais por excelencia de Vigo, como son neste caso as Illas Cies. Como continuidade deste promoción o Faro de Vigo a través do seu portal WEB, www.farodevigo.es, desenvolverá de maneira continua accións de potenciación da candidatura das Illas Cies para que sexan declaradas "Patrimonio da Humanidade".

O desenvolvemento de todos os aspectos coa produción, edición e difusión no xornal "Faro de Vigo" desta acción ten unha valoración económica de 107.603,31 € (sen iva) como custes asumidos directamente pola entidade "Faro de Vigo SAU".

b.- O Faro de Vigo no ámbito do desenvolvemento divulgativo da cidade Cidade de Vigo a través de elementos de promoción da imaxe turística de Vigo, editará e promocionará a edición dun gran volume sobre a "historia entre os anos 1963 e 1981" dun acontecemento deportivo dunha grande tradición na cidade de Vigo como e o "Rally Rias Baixas", que no presente ano 2014 cumpre os 50 anos de historia. O número de exemplares a realizar serán entre 1.500 unidades e 2.500 unidades.

O desenvolvemento de todos os aspectos coa produción, edición e difusión no xornal "Faro de Vigo" desta acción ten unha valoración económica de 93.412,44 € (sen iva) como custes asumidos directamente pola entidade "Faro de Vigo SAU". O Concello de Vigo dispoñerá de un total de 500 unidades. O faro de Vigo promoverá a súa difusión establecendo un prezo máximo de venda dos exemplares en 9.95 €. Este valor ten unha incidencia escasa nos gastos de produción, xa o importe máximo dos posibles ingresos non será superior os 15.00,00 €, dos cales se deberá ter en conta que parte destes ingresos serán de aplicación directa a distribución.

